



Info - CeMeFe

club montaña ferrol

Maio - Xuño 2008

XURES.

10 e 11 de Maio

Un ano mais, nos acercaremos a esta zona de Ourense, pero esta vez imos facer unha paradiña nas terras Alaricanas, onde faremos unha rutilla de senderismo, e media tarde para pasear polo pobo. A idea que temos para o día seguinte é ir ate a Mina das Sombras. Un percorrido sen perda non demasiado exixente, pero bonito

CEDEIRA – TEIXIDO: 25 de Maio –

(Defensa das montañas)

Por non aguantar ós cedeireses que temos no clube, imos facer un recorrido costeiro que xa fixeramos hai uns anos, todo pola costa e chegar a San Andrés. (En honra a verdade, e sen que se enteren eles, o itinerario, é impresionante). Aproveitaremos para celebrar o día da defensa das Montañas

50 Kms A TEIXIDO,

Xa estamos a lanzar a Marcha deste ano, para o 7 de xuño, xa empezamos a inscribir. Temos tope en 250 non socios, así que correde a voz que volverá a quedar xente fora. Volve a haber cambeos: Coñeceremos “Aldeanova”.

CONVENIO CONCELLO NEDA

Asinamos un novo convenio co Concello de Neda, así a recente marcha do Beelle, xa estaba ahí (por certo un éxito, polo que dixeron os participantes) pero tamén será unha saída polo Sendeiro de Neda o 15 de xuño, e un percorrido dun día pola Devesa da Rogueira a fins de outono

EQUIPO RAIDS

Montaña Ferrol – A Mi Madera

Este ano estamos con dous equipos na liga Galega, un en categoría Élite e outro en Aventura, pouco a pouco iremos infomando destes logros deportivos do clube. Ahí están Carlos, Susana, Oscar, Gonzalo, Noelia e Alberto.

JUAN C. G. OROZCO ó MACKINLEY.

De novo este compañeiro, que o ano pasado estivo a piques de chegar ó Muztag-Ata, este ano intentará o Mackinley na fría Alaska, veredes as fotos

FORA DE PORTAS (Polo Ferrol rural)

En contacto cas AA.VV. temos previsto paseños curtos saíndo dos locais sociais as 16'30h

24 de maio Esmelle: Os Muiños

31 A Cabana:

o escondido San Antonio

14 de Xuño Cobas: De Ponzos a Prior

E agora todas as novas que se produzan e nos cheguen, no noso blog

<http://turismoactivodonoroeste.blogspot.com>

PINCHO CON IMAXES: *de novo voltamos os venres as 20'30 no local*

16 de maio: Cerro Toco y Atacama. (Chile) por Andres Prieto

23 de maio: Parque natural de Fuentes Carrionas

30 de maio: De Ferrol a Fisterra en bici , por Chus

AGRADECIMIENTO: queremos aproveitar, para decir que a nosa colección de mapas de repente aumentou ó dobre, gracias a donación feita polo noso socio de honra **JOAQUIN COBELO**.

ARTIGOS A VENDA:

Lembrede que seguimos a ter no local: Novas camisetas, mochilas, bastóns, esterillas, algún chaleco, mel de Monfero, metopas co escudo, escudos bordados, etc



CLUB MONTAÑA FERROL

APTDO 297 – 15480

www.clubmontanaferrol.com

PRIVACIDADE DE DATOS. Nin cedemos teléfonos, nin enderezos, nin correos electrónicos. O feito de ser socio do Clube, implica unha total privacidade nos datos, así que non vos pareza mal, é norma común e é polo ben de todos, nestes tempos de tanto **“SPAM”**